

DOMINGO XXV ORDINARIO

135.-

PRIMEIRA LECTURA

Contra aqueles que teñen sometidos polo diñeiro ós necesitados

Lectura do libro de Amós 8, 4-7

Escoitade isto, vós que asoballáde-lo pobre
e extermináde-la xente humilde do país;
vós que dicides:

«¿Cando pasará o festivo da lúa nova para vendérmo-lo trigo
e o sábado para fornece-lo gran
traficando ata co farelo,
para merma-la medida,
aumenta-lo prezo
e defraudar con balanza falsa,
para mercarmos por diñeiro o mendigo
e o pobre pola débeda dun par de sandalias?»

Xura o Señor pola soberbia de Xacob:

«Endexamais esqueceréi os seus delictos.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 112, 1-2. 4-6. 7-8 (R.: cf. 1a e 7b)

R.: Loade o Señor, que levanta os pobres.

Ou:

Aleluia.

Loade, servos do Señor,
loade o nome do Señor.
Bendito sexa o nome do Señor,
agora e por sempre. **R.**

Sobre tódolos pobos é excelso o Señor,
sobre o ceo a súa gloria.
¿Quen se compara ó Señor, noso Deus,
que habita nas alturas
e se inclina para mirar
polo ceo e pola terra? **R.**

El ergue do po os indixentes,
levanta da varredura os pobres,
para lles dar asento cos príncipes,
cos príncipes do seu pobo. **R.**

SEGUNDA LECTURA

**Fáganse oracións por tódolos homes a Deus,
que quere que tódolos homes se salven**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo a Timoteo **2, 1-8**

Benquerido irmán:

Rogo primeiro de todo que se fagan peticións, oracións, súplicas, accións de grazas en favor de toda a xente, polos reis e por tódolos que ocupan altos cargos, para que poidamos ter unha vida calma e serena baseada na piedade e na decencia.

Isto é fermoso e grato a Deus noso Salvador. El quere que tódolos homes se salven e cheguen ó coñecemento da verdade.

Porque hai un único Deus e un único mediador entre Deus e os homes: o home Cristo Xesús, que se entregou como rescate por todos.

Tal é o testemuño dado no tempo oportuno. A min fíxome o seu pregoeiro e apóstolo —digo a verdade e non minto—, mestre dos xentís na fe e na verdade.

Por iso quero que en tódolos sitios recen os homes levantando as mans limpas, sen ira nin discusións.

Palabra do Señor.

Aleluia 2 Cor 8, 9

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Xesús Cristo fíxose pobre sendo rico,
para que vós vos fixesedes ricos coa súa pobreza.
Aleluia.

EVANXEO

Non podeades servir a Deus e á riqueza

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 16, 1-13

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Dunha vez había un home rico que tiña un administrador, do que lle foron contar que estaba a lle acabar cos bens. Chamou por el e díxolle: “¿Que é iso que sinto falar de ti? Dáme conta da túa administración, que quedas despedido.”

O administrador púxose a cavilar: “¿E agora que vou facer, que quedo sen traballo? Cavar, non podo; e botarme a pedir, dáme vergonza. ¡Ora! ¡Xa sei o que vou facer para que cando me despidan haxa quen me acolla na súa casa!”

Vaise, e chama por cada un dos debedores do seu amo e pregúntalle ó primeiro: “¿Ti canto lle debes ó meu amo?” El respondeulle: “Débolle cen bocois de aceite.” El díxolle: “Pois colle o teu recibo e escribe axiña cincuenta.”

Despois preguntoulle ó segundo: “¿Ti canto debes?” Respondeulle: “Debo cen ferrados de trigo.” Díxolle el: “Pois colle o teu recibo e escribe oitenta.”

O amo loou a aquel administrador inxusto pola renartería con que actuara, pois os fillos deste mundo son máis asisados nas cousas deles cós fillos da luz.

Por iso eu avísovos: Facede amigos coas riquezas inxustas, para que cando vos falten, vos acollan nas moradas eternas. Quen é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto no moito. Pois, se coa riqueza inxusta non sodes fieis, ¿quen vos vai confía-la verdadeira? E se no alleo non sodes fieis, ¿quen vos vai confía-lo voso? Ningún criado pode servir a dous

amos, porque ou lle ten xenreira a un e ama o outro; ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podeades servir a Deus e mailo diñeiro.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 16, 10-13

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Quen é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto no moito. Pois, se coa riqueza inxusta non sodes fieis, ¿quen vos vai confía-la verdadeira? E se no alleo nos sodes fieis, ¿quen vos vai confía-lo voso? Ningún criado pode servir a dous amos, porque ou lle ten xenreira a un e ama o outro; ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podeades servir a Deus e mailo diñeiro.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXVI ORDINARIO

138.-

PRIMEIRA LECTURA

Será extirpada a facción dos nugalláns

Lectura do libro de Amós 6, 1a. 4-7

Isto di o Señor omnipotente:

«¡Malia os que viven no lecer en Sión,
os despreocupados no monte de Samaría!
Déitanse en leitos de marfil,
vaguean nas súas camas,
xantando os carneiros do rabaño
e os xatos sacados da corte.

Cantarexan ó son da harpa
e, coma novos Davides, inventan instrumentos.

Beben viño nas grandes copas
e únxense coa esencia dos perfumes,
mais a desfeita de Xosé non os deprime.

Por iso agora van partir para o exilio
á cabeza dos deportados,
pois rematou a esmorga dos nugalláns.»
—Oráculo do Señor, Deus dos Exércitos—.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10 (R.: 1b)

R.: Loa, alma miña, o Señor.

Ou:

Aleluia.

O Señor garda por sempre a súa fidelidade:
failles xustiza ós oprimidos
e dálles pan ós famentos.
O Señor libra os cativos. **R.**

O Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.
O Señor protexe os forasteiros. **R.**

O Señor sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.
O Señor reina eternamente,
o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións.
Aleluia. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Garda os mandamentos ata a chegada do Señor

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo a Timoteo **6, 11-16**

Benquerido irmán, home de Deus:

Practica a xustiza, a piedade, a fe, o amor, a paciencia e a mansedume. Combate a fermosa loita da fe, procura a vida eterna á que te chamaron e da que fixeches clara profesión diante de moita xente.

Mándocho en presenza Deus, que fai vivir tódalas cousas, e diante Cristo Xesús, que deu bo testemuño ante Poncio Pilato: garda o mandamento, sen lixo e sen tacha, ata a manifestación gloriosa do noso Señor Xesús Cristo.

No seu debido tempo amosarao o Deus bendito e único soberano, Rei dos reis e Señor dos señores: o único que ten a inmortalidade e que habita nunha luz inaccesible. A El ningún home o viu nin o pode ver.

A El a honra e o poder eterno. Amén.

Palabra do Señor.

Aleluia 2 Cor 8, 9

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Xesús Cristo fíxose pobre, sendo rico,
para que vós vos fixesedes ricos coa súa pobreza.
Aleluia.

EVANXEO

**Ti recibiches bens e Lázaro males;
agora este é consolado, mentres que ti es atormentado**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 16, 19-31

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

—«Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño fino, e que celebraba tódolos días espléndidos banquetes.

Ó pé da súa porta xacía un pobre chamado Lázaro, todo cuberto de chagas, que estaba desexando mata-la fame co que caía da mesa do rico; e incluso os cans se achegaban a lle lambe-las chagas.

Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos ó seo de Abrahán. Morreu tamén o rico, e enterrárono. Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos, erguendo os ollos viu a Abrahán e mais a Lázaro no seu seo.

Entón suplicoulle dicindo: “Ai, pai Abrahán, ten dó de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o lume.” Pero Abrahán contestoulle: “Fillo, recorda que ti recibiches bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu males; agora el recibe consolo e ti tormento. Ademais, entre nós e vós hai un abismo insalvable; de xeito que desde aquí non se pode pasar onda vós, nin desde aí se pode vir onda nós.”

Entón el insistiu: “Suplícoche, pai Abrahán, que o mandes a casa do meu pai, onde teño cinco irmáns, para que lles fale claramente e non veñan dar a este lugar de tormentos.” Pero Abrahán respondeulle: “Xa teñen a Moisés e os Profetas: que lles fagan caso a eles.”

El volveu insistir: “Pero non llelo van facer, pai Abrahán, non; se un morto vai onda eles, seguro que se converterán.” Pero Abrahán replicoulle: “Se a Moisés e mais ós Profetas non lles fan caso, tampouco llo farán nin a un morto resucitado.”»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXVII ORDINARIO

141.-

PRIMEIRA LECTURA

O xusto vive pola súa fe

Lectura do libro de Habacuc 1, 2-3; 2, 2-4

¿Ata que día, Señor, hei de estar pedindo auxilio,
sen que ti fagas caso?

¿Ata que día clamarei cara a ti: «Violencia», sen que salves?

¿Por que me fas ve-la iniquidade e me fas contempla-lo crime?

Rapina e violencia diante de min:

hai rifas e suscítase a disputa.

Respondeume o Señor e díxome:

«Escribe a visión e grávaa en taboíñas,

para que se lea de corrido,

pois aínda volverá ser unha visión no seu momento,

falará da fin e non mentirá.

Se tarda, espéraa, pois virá e non demorará.

Velaquí: o temerario faise forte,

o seu alento camiña con el,

pero o xusto vivirá pola súa fe.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9 (R.: 8)

R.: ¡Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor!

«Non endurezáde-los vosos corazóns.»

Vinde, cantémoslle ó Señor,

aclamémo-la nosa rocha salvadora;

acheguémonos á súa presenza dándolle gracias,

aclamémolo con cancións. R.

Vinde, adorémolo prostrados,
 axeonllémonos diante do Señor, que nos creou,
 pois el é o noso Deus,
 e nós sómo-lo seu pobo, o rabaño que el guía. **R.**

Oxalá escoitedes hoxe a súa voz:
 «Non endurezáde-los vosos corazóns, coma en Meribah,
 coma o día de Masah, no deserto,
 onde os vosos pais me tentaron:
 provocáronme, por máis que tiñan visto os meus feitos.» **R.**

SEGUNDA LECTURA

Non te avergonces do testemuño do noso Señor

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo a Timoteo

1, 6-8. 13-14

Benquerido irmán:

Recórdoche que reavíve-lo don de Deus, que tes recibido pola imposición das miñas mans.

Porque Deus non nos deu un espírito feble senón forte, agarimoso e sobrio.

Non teñas vergonza de noso Señor, nin de min, preso por el; ó contrario, comparte comigo os sufrimentos polo Evanxeo, contando co poder de Deus.

Mantén como modelo, na fe e no amor de Cristo Xesús, as ben fundadas palabras que me escoitaches.

E garda o precioso depósito por medio do Espírito Santo, que mora en nós.

Palabra do Señor.

Aleluia 1 Pe 1, 25

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

A palabra do Señor permanece eternamente;
 e esta é a palabra que se vos anunciou.

Aleluia.

EVANXEO

¡Se tivesedes fe!

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 17, 5-10

Naquel tempo, rogáronlle os apóstolos ó Señor:

—«¡Auméntano-la fe!»

O Señor respondeulles:

—«Se tivesedes polo menos unha fe coma un gran de mostaza, diriádeslle a esta moreira: “Arríncate e plántate no mar”, e seguro que vos obedecía.

E ¿quen de vós que teña un criado arando ou pastoreando, lle di cando chega da veiga: “Entra axiña e ponte á mesa.” ¿Non lle dirá máis ben: “Prepara a cea, viste a roupa de traballo e ponme a comida; e cando eu remate de comer e beber, comerás e beberás ti”? ¿Ou é que aínda lle vai ter que estar agradecido ó criado por facelo que lle manda?

Así tamén vós, cando fagades todo o que se vos mande, dicide: “Somos simples servidores: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer.”»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXVIII ORDINARIO

144.-

PRIMEIRA LECTURA

Volvéndose Naamán cara ó home de Deus, proclamou a súa fe no Señor

Lectura do libro segundo dos Reis 5, 14-17

Naqueles días, baixou Naamán, o Sirio, ó Xordán e mergullouse na súa auga sete veces, segundo lle mandara Eliseo o home de Deus. A súa carne tornouse entón coma a dun neno pequeno, e quedou limpo da súa lepra.

Volveu Naamán con toda a súa compañía onda o home de Deus e presentóuselle, dicindo:

—«Agora recoñezo que non hai deus en toda a terra, fóra do Deus de Israel. Acepta, pois, un regalo do teu servo.»

Respondeulle Eliseo:

—«Polo Señor vivo a quen sirvo, que non aceptarei cousa ningunha.»

E por moito que lle insistiu para que aceptase, el negouse.

Naamán dixo entón:

—«Pois logo, permite que o teu servo leve unha carga desta terra, a que poidan cargar dúas mulas, pois o teu servo non ofrecerá holocaustos nin sacrificios a deus ningún, senón só ó Señor.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4 (R.: cf. 2b)

R.: O Señor revela a súa xustiza ante os pobos.

Cantade ó Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas;
a súa destra deulle a victoria,
o seu brazo santo. **R.**

O Señor dá a coñece-la súa victoria,
revela a súa xustiza ante os pobos.
Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade
coa casa de Israel. **R.**

Os confíns todos da terra percibiron
a victoria do noso Deus.
Aclama ó Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Se nos mantemos firmes, reinaremos con Cristo

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo a Timoteo **2, 8-13**

Benquerido irmán:

Lémbrate de Xesús Cristo, resucitado dos mortos, da semente de David.

Este é o meu Evanxeo, polo que padezo ata estar preso coma un vulgar criminal. Pero a palabra de Deus non está encadeada.

Por iso soporto tódalas cousas por mor dos escolleitos, para que tamén eles acaden salvación en Cristo Xesús, coa gloria eterna.

Gran verdade é esta: Se con el morremos, viviremos con el. Se con el padecemos, reinaremos con el. Se renegamos del, tamén el nos ignorará. Pero se lle fallamos na fe, el mantense fiel, pois non pode renegar de si mesmo.

Palabra do Señor.

Aleluia 1 Tes 5, 18

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Dade gracias por todo:

tal é a vontade de Deus en Cristo Xesús para con vós.

Aleluia.

EVANXEO

Non houbo quen volvera dar gloria a Deus senón este xentil

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 17, 11-19

Indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ó entrar nunha aldea, saíronlle ó paso dez gafos. Pararon ó lonxe, e dando voces suplicáronlle:

—«Xesús, Mestre, ten dó de nós.»

El, ó velos, díxolles:

—«Ídevos presentar ós sacerdotes.»

E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ó se decatou de que estaba curado, volveu loando a Deus con grandes voces. E prostrándose, rostro en terra, ós pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. Xesús dixo:

—«¿Non foron dez os que quedaron limpos? ¿Onde están os outros nove? ¿Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?»

E engadiu:

—«Érguete e vaite: salvoute a túa fe.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXIX ORDINARIO

147.-

PRIMEIRA LECTURA

Mentres Moisés levantaba a man, vencía Israel

Lectura do libro do Éxodo 17, 8-13

Naqueles días, viñeron os amalecitas e atacaron Israel en Refidim. Moisés díxolle a Xosué:

—«Escolle uns poucos homes e sae a loitar con Amalec. De mañá eu estarei no cumo do outeiro, coa vara de Deus na man.»

Xosué fixo o que lle mandaba Moisés, e foi loitar con Amalec mentres Moisés, Aharón e Hur subían ó cumo do outeiro.

Cando Moisés erguía as mans, vencía Israel; cando as baixaba, vencía Amalec. As mans de Moisés estaban cansas, e eles colleron unha pedra e puxéronlla de asento, ó tempo que Aharón e Hur, un por cada lado, lle sostiñan as mans ergueitas.

As mans de Moisés estiveron ergueitas ata a posta do sol.

Xosué venceu a Amalec e á súa xente, a fío de espada.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 120, 1-2. 3-4. 5-6. 7-8 (R.: cf. 2)

R.: O noso socorro vén do Señor,
que fixo o ceo e maila terra.

Alzo os meus ollos cara ós montes:

¿de onde virá o meu socorro?

O meu socorro vén do Señor,
que fixo o ceo e maila terra. R.

El non deixa que esvare o teu pé,

o teu gardián non dorme;

non dorme, non adormece,

o gardián de Israel. R.

O Señor é o teu gardián,
 O Señor é o teu arrimo, está á túa dereita.
 Polo día o sol non che fará dano
 nin a lúa pola noite. **R.**

O Señor gárdate do mal,
 El garda a túa vida.
 O Señor garda a túa chegada e a túa saída,
 agora e por sempre. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Perfecto sexa o home de Deus, idóneo para calquera obra boa

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo a Timoteo

3, 14—4, 2

Benquerido irmán:

Mantente no que aprendiches e no que criches, e que non che esqueza quen cho aprendeu. Porque xa desde neno coñéce-las letras santas, que son podentes para che ensina-lo camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús.

Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar, para corrixir, para emendar, para educar na xustiza. Dese xeito, o home de Deus tórnase idóneo para calquera obra boa.

Pídoche diante de Deus e de Cristo Xesús, que ha vir xulgar a vivos e mortos, pola súa vinda gloriosa e polo seu reinado: pregoa a palabra, insiste teimudamente, corrixe, reprende, aconsella con moita paciencia e doutrina.

Palabra do Señor.

Aleluia Heb 4, 12

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

A palabra de Deus é viva e dinámica,
 xulga os proxectos e os pensamentos do corazón.
 Aleluia.

EVANXEO

Deus faralles xustiza ós seus elixidos que claman a El

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 18, 1-8

Naquel tempo, Xesús propúxolles ós seus discípulos unha parábola acerca da necesidade de orar sempre, sen cansar:

—«Había nunha vila un xuíz que nin temía a Deus nin respectaba o home. Na mesma vila había tamén unha viúva, que acudía a el dicíndolle: “Faime xustiza fronte ó meu contrario.” El, durante moito tempo, non lle fixo caso ningún; pero despois cavilou: “Anque non temo a Deus nin respecto o home, como esta viúva me está amolando, voulle facer xustiza, para que non me siga toleando toda a vida.”»

E o Señor continuou:

—«Escoitade o que di un xuíz inxusto. ¿E logo Deus non lles vai facer xustiza ós seus elixidos, que claman día e noite, e non vai ter paciencia con eles? Asegúrovos que lles fará xustiza a tempo. Pero cando chegue o Fillo do Home, ¿el atopará fe sobre a terra?»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXX ORDINARIO

150.-

PRIMEIRA LECTURA

A oración do humilde traspasará as nubes

Lectura do libro do Eclesiástico

35, 15b-17. 20-22a (gr. 12-14. 16-18)

Deus é un Deus xusto

e non ten preferencias de persoa;
non tomará parte contra o pobre
mais presta oídos ás demandas do asoballado;
non refuga os saloucos do orfo
nin da viúva que repite o seu laio.

Semellante laio acada o seu favor,
o seu berro chega ata as nubes.

O grito do pobre traspón as nubes,
non apousenta ata chegar á meta,
non cede ata que Deus o atende
e que o xuíz veraz faga xustiza;
tampouco Deus a retardará.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 33, 2-3. 17-18. 19 e 23 (R.: 7a)

R.: Clamou o pobre e Deus escoitouno.

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.

Eu gloríome no Señor:

que escoiten os humildes e se alegren. **R.**

Mais o Señor encara os malvados,
para borrar da terra a súa memoria.
Claman aqueles, e o Señor escoita,
líbraos de tódalas angustias. **R.**

O Señor está preto do aflixido,
salva os de ánimo abatido.
O Señor redime os seus servos:
non será castigado quen a El se acolle. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Finalmente daráseme a coroa de xustiza

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo a Timoteo

4, 6-8. 16-18

Benquerido irmán:

A min xa me queda pouco para derrama-lo meu sangue, e o meu pasamento está a chegar.

Combatín unha boa loita, rematei a miña carreira, conservei a fe. O que me resta é a coroa da xustiza que me está reservada.

E o Señor, que é xuíz xusto, hama entregar aquel día. E non só a min, senón a tódolos que arelan a súa Vinda gloriosa.

Na miña primeira defensa non me acompañou ninguén, todos me deixaron. ¡Que Deus llelo perdoe! Pero o Señor asistíume e fortaleceume para remata-la predicación e que tódalas nacións a escoitaran. E libroume da boca do león.

O Señor hame librar de toda obra perversa e hame manter a salvo para o seu Reino celestial. Para El a gloria polos séculos dos séculos. Amén.

Palabra do Señor.

Aleluia 2 Cor 5, 19

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo,
e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación.

Aleluia.

EVANXEO

**Baixou o publicano xustificado para a súa casa,
ó contrario que o fariseo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 18, 9-14

Naquel tempo, Xesús propúxolles esta parábola dirixíndose a uns que estaban moi seguros de si mesmos, créndose perfectos e desprezando os demais:

—«Dous homes subiron ó templo para orar; un era fariseo e outro recadador de impostos.

O fariseo, de pé, oraba para os seus adentros deste xeito: “Meu Deus, douche gracias porque non son coma os demais: ladrón, inxusto e adúltero; nin coma ese recadador. Gardo o xaxún dúas veces por semana e pago o dezmo de todo canto gaño.”

O recadador, en troques, manténdose a distancia, non se atrevía nin a levanta-los ollos ó ceo, senón que petando no peito dicía: “Meu Deus, ten compaixón de min, que son un pecador.”

Asegúrovos que este baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non. Porque a todo o que se teña por moito rebaixarano e a todo o que se rebaixe enaltecerano.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXXI ORDINARIO

153.-

PRIMEIRA LECTURA

Tes misericordia de todos, porque amas todo canto existe

Lectura do libro da Sabedoria 11, 22—12, 2

Señor, o universo todo, de fronte túa, é coma un lixo na balanza e coma pinga de orballo da alborada caendo sobre a terra.

E nembargante, compadecícheste de todo, pois todo o podes e pasas por alto os pecados dos homes para que se convertan, pois amas a tódolos seres

e non rexeitas nada do que fixeches:
se algo che dese noxo, xa non o crearías.

¿Como podería algo subsistir se ti non o queres
ou conservarse o que ti non chamas?

Mais ti todo o perdoas porque todo é teu,
Señor, amigo da vida.

Pois o teu sopro incorruptible mora en tódalas cousas.
Por iso corrixes pouco a pouco a aqueles que tropezan
e amoéstalos lembrándolle-los seus erros
para que, deixando a maldade, crean en ti, Señor.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 144, 1-2. 8-9. 10-11. 13cd-14 (R.: cf. 1)

R.: Meu Deus e rei, hei bendici-lo teu nome por sempre.

Meu Deus e meu rei, quero enxalzarte
e bendici-lo teu nome por sempre.
Hei bendicirte cada día,
hei loa-lo teu nome por sempre. **R.**

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en misericordia.
O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras. **R.**

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.
Que pregoen a gloria do teu reino,
e falen do teu poder. **R.**

O Señor é fiel en tódalas súas palabras,
e santo en tódalas súas obras.
O Señor sostén os que están para caer
e endereita os que se dobran. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Sexa glorificado en vós o nome de Cristo, e vós nel

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
1, 11—2, 2

Irmáns:

Rogamos decote por vós, para que o noso Deus vos faga dignos da chamada e para que co seu poder faga realidade todo propósito de face-lo ben e toda empresa de fe.

Dese xeito vós daredes gloria ó noso Señor Xesús Cristo e el a vós, conforme a gracia do noso Deus e do Señor Xesús Cristo.

Tocante á Parusía do noso Señor Xesús Cristo e do noso encontro con el, rogámosvos, irmáns, que non abaledes tan axiña nos vosos criterios nin vos desconcertedes por supostas revelacións, ditos ou cartas nosas coma se o Día do Señor estivese a caer.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 3, 16

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

De tal xeito amou Deus o mundo,
que lle deu o seu Fillo unixénito;
quen cre nel, ten vida eterna.
Aleluia.

EVANXEO

Veú o Fillo do home buscar e salva-lo que estaba perdido

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 19, 1-10

Naquel tempo, chegou Xesús a Iericó e pasaba atravesando a cidade. Había alí un home chamado Zaqueo, xefe dos recadadores e moi rico. Intentaba ver quen era Xesús; pero impedíallo a xente, porque el era pequeneiro. Entón botou a correr e subiu a unha figueira para velo, porque ía pasar por alí. Ó pasar Xesús por aquel lugar, levantou a vista e díxolle:

—«Zaqueo, baixa de contado, que hoxe teño que parar na túa casa.»

El, baixando de contado, acolleuno moi contento. Pero vendo aquilo, a xente empezou a murmurar:

—«Entrou a se hospedar na casa dun pecador.»

Zaqueo, posto de pé, díxolle ó Señor:

—«Señor, darei a metade de todo canto teño ós pobres e, se algo roubei a alguén, devolvéille catro veces máis.»

Entón Xesús dixo:

—«Hoxe chegou a salvación a esta casa, pois tamén este é fillo de Abrahán. Porque o Fillo do Home vén buscar e salva-lo que estaba perdido.»

Palabra do Señor.

Aleluia Mc 11, 9. 10

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

¡Bendito o que vén no nome do Señor!

¡Bendito o Reino do noso pai David que vén!

Aleluia.

EVANXEO

Señor, lémbtrate de min cando esteas no teu reino

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 23, 35-43

Naquel tempo, os xefes moqueábanse de Xesús, dicindo:

—«A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido.»

Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:

—«Se ti e-lo rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.»

E había un letreiro enriba del: «Este é o rei dos xudeus.»

Un dos bandidos que estaban crucificados, insultábao tamén:

—«¿Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.»

Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:

—«¿Seica non temes a Deus, ti que sófre-la mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibímo-lo que merecemos, pero este non fixo mal ningún.»

E dicíalle:

—«Xesús, lémbtrate de min cando volvas como rei.»

Xesús respondeulle:

—«Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXXII ORDINARIO

156.-

PRIMEIRA LECTURA

O rei do mundo hanos resucitar para unha vida eterna

Lectura do libro segundo dos Macabeos 7, 1-2. 9-14

Naqueles días, aconteceu que meteron na cadea a sete irmáns e a súa nai, e o rei mandou que os azoutasen con trallas e vergas para facer que, en contra do que era lexítimo, comesen carne de porco.

Un deles, o primeiro, falou no nome de todos, e dixo:

—«¿Que máis vas preguntar? ¿Que outra cousa queres saber de nós? Estamos dispostos a morrer antes que quebranta-las leis dos nosos maiores.»

O segundo, cando xa estaba nas últimas, dixo:

—«Ti, criminal, quítasno-la vida presente, pero o rei do universo hanos resucitar para unha vida eterna a cantos morremos pola súa Lei.»

Despois deron en meterse co terceiro. Mandáronlle botar fóra a lingua e fíxoo de contado; estendeu as mans todo decidido e dixo con valentía:

—«De Deus recibín estes membros, e pola súa Lei os entrego; espero recibilos del novamente.»

O rei e os que estaban xunto del quedaron abraiados polo valor do rapaz, que non tiña medo ós tormentos.

Cando este morreu, torturaron o cuarto de xeito semellante; e cando estaba xa para morrer, dixo:

—«Paga a pena que os homes maten a un, cando se espera que Deus nos vai resucitar. Pero ti non has resucitar para a vida.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 16, 1. 5-6. 8b e 15 (R.: 15b)

R.: Ó despertar, saciareime da túa presenza, Señor.

Entende, Señor, a causa xusta,
atende ó meu clamor;
escoita a miña pregaría
de labios sen engano. R.

Guía polas túas pisadas os meus pasos,
para que non tremelen os meus pés.
Eu chamo por ti, meu Deus, respóndeme;
inclínate cara a min, escoita a miña voz. R.

Escóndeme á sombra das túas ás.
Mais eu, pola miña inocencia,
contemplarei o teu rostro;
ó despertar, saciareime da túa presenza. R.

SEGUNDA LECTURA

Deus vos confirme en toda palabra e obra boa

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
2, 16—3, 5

Irmáns:

O mesmo Señor noso Xesús Cristo e mais Deus, o noso Pai, que nos amou e que nos deu gratuitamente azos duradeiros e boa esperanza, vos conforte e vos afinque en toda obra e palabra boa.

Polo demais, irmáns, rogade por nós, para que a mensaxe do Señor se difunda e se acolla con honor como pasou entre vós, e deste xeito nos vexamos libres da xente descamiñada e perversa: pois a fe non a teñen todos. Pero o Señor é fiel e afincaravos e protexeravos do Ruín.

Tocante a vós, fiámonos no Señor de que estades facendo e de que continuaredes a facer canto vos temos mandado.

Que o Señor encamiñe os vossos corazóns ó amor de Deus e á paciente espera do Cristo.

Palabra do Señor.

Aleluia Ap 1, 5a. 6b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Xesús Cristo é primoxénito dos mortos;
a El a gloria e o poder por sempre eternamente.
Aleluia.

EVANXEO

Deus non é Deus de mortos, senón de vivos

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 20, 27-38

Naquel tempo, chegaron algúns saduceos —eses que negan que haxa resurrección— e preguntáronlle a Xesús:

—«Mestre, Moisés deixou escrito: “Se lle morre a alguén o seu irmán sen deixar fillos, que case coa viúva de seu irmán, para lle dar descendencia.” Pois dunha vez había sete irmáns. O primeiro casou, e morreu sen fillos. Despois casou con ela o segundo; e logo o terceiro; e así os sete foron casando coa viúva, morrendo tamén sen deixar fillos. Ó cabo, morreu tamén a muller. Ora, cando resuciten, ¿de cal deles vai se-la muller, se estivo casada cos sete?»

Xesús contestoulles:

—«Neste mundo os homes e mailas mulleres casan entre eles. Pero os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non casarán nin eles nin elas, pois non poden morrer. Son coma anxos, e son fillos de Deus por naceren na resurrección.

E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Señor, no episodio da silveira: “O Deus de Abrahán, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob.” E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 20, 27. 34-38

Naquel tempo, chegaron algúns saduceos —eses que negan que haxa resurrección— e interrogaron a Xesús.

Xesús contestoulles:

—«Neste mundo os homes e mailas mulleres casan entre eles. Pero os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non casarán nin eles nin elas, pois non poden morrer. Son coma anxos, e son fillos de Deus por naceren na resurrección.

E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Señor, no episodio da silveira: “O Deus de Abrahán, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob.” E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXXIII ORDINARIO

159.-

PRIMEIRA LECTURA

Amence para vós o sol de xustiza

Lectura do libro de Malaquías 3, 19-20a

Velaí chega o día: abrasará coma un forno,
e os soberbios e tódolos que cometen a maldade serán palla.
Si, o día que chega será a vosa queima
—fala o Señor dos Exércitos—:
non vos deixará raíz nin ponla.
Brillará para vós, os que respectáde-lo meu Nome,
un sol de xustiza, que trae saúde nas súas ás.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 97, 5-6. 7-8. 9a. 9bc (R.: cf. 9)

R.: O Señor vén xulga-los pobos con rectitude.

Tocade para o Señor a cítara,
a cítara e tamén o salterio;
con claríns e co son das trompetas
aclamade o Señor, noso rei. **R.**

Resoe o mar e canto o enche,
o mundo e cantos o habitan;
aplaudan os ríos,
alédense os montes. **R.**

Diante do Señor,
que vén para rexe-la terra. **R.**

El rexerá o mundo con xustiza
e os pobos con rectitude. **R.**

SEGUNDA LECTURA

O que non queira traballar, que tampouco coma

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
3, 7-12

Irmáns:

Ben sabedes vós de que modo debedes imitarnos, xa que non nos dedicamos a andar sen xeito nin comemos de moca o pan de ninguén, senón que traballamos noite e día con esforzo e fatiga por non sermos unha carga para ningún de vós.

Non porque non tivesemos dereito, senón para vos dar un exemplo que imitar, e porque, cando estabamos onda vós, xa vos demos esta norma: o que non queira traballar, que tampouco coma.

Porque chegou ós nosos oídos que algúns de vós andan descamiñados e por riba de non traballaren nada, entremétense nas cousas dos demais.

A eses mandámoslles e aconsellámoslles no Señor Xesús Cristo que traballen con acougo para comeren o seu propio pan.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 21, 28

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Mirade e erguede as vosas cabezas,
porque está cerca a vosa redención.

Aleluia.

EVANXEO

Coa vosa perseverancia, salvaréde-las vosas vidas

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 21, 5-19

Naquel tempo, comentaban algúns a fermosa cantería con que estaba construído o templo, e os exvotos que o adornaban. Pero Xesús díxolles:

—«Todo isto que estades a contemplar, días virán nos que o derrubarán ata que non quede pedra sobre pedra.»

Eles preguntáronlle:

—«Mestre, dinos, ¿cando van pasar estas cousas? ¿Cal será o signo de que van suceder?»

El empezoulles a dicir:

—«Estade atentos, para non vos extraviar. Porque han vir moitos no meu nome, dicindo: “Son eu” e: “Está a chega-lo momento”, pero non os sigades. Cando oiades falar de guerras e desordes, non vos asustedes; que iso ten certamente que acontecer primeiro, pero aínda non será a fin.»

Entón díxolles:

—«Erguerase pobo contra pobo, reino contra reino; haberá grandes terremotos, pestes e fames en diversos lugares; cousas espantosas, e grandes sinais no ceo. Pero antes de todo isto botaranse sobre vós, perseguíndovos: levaranvos ás sinagogas e á cadea, ante reis e gobernadores por causa miña; así teréde-la oportunidade de dar testemuño.

Metede ben na cabeza que non tedes que preocuparvos pola vosa defensa, que eu vos darei unha elocuencia e mais unha sabedoría que non poderán resistir nin replica-los vosos adversarios.

Entregaranvos vosos mesmos pais, irmáns, parentes e amigos. Mataranvos a algúns de vós, e todos vos aborrecerán por causa miña, e mais non perderedes nin un pelo da vosa cabeza. Coa vosa perseverancia, salvaréde-las vosas vidas.»

Palabra do Señor.

Domingo XXXIV ou derradeiro

SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO

162.-

PRIMEIRA LECTURA

Unxiron a David como rei para Israel

Lectura do libro segundo de Samuel 5, 1-3

Naqueles días, tódalas tribos de Israel foron a Hebrón, xunto de David, para dicirlle:

—«Aquí nos tes. Nós somos do teu mesmo sangue. Xa de antes, cando Saúl reinaba sobre nós, eras ti quen conducía a Israel e o Señor tíñache dito: “Ti pastara-lo meu pobo Israel, ti sera-lo seu xefe.”»

Os anciáns de Israel presentáronse, pois, onda o rei en Hebrón. O rei David fixo un pacto alí con eles, diante do Señor, e eles unxiron a David por rei de Israel.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 121, 1-2. 4-5 (R.: cf. 1)

R.: Imos alegres para a casa do Señor.

Moito me alegrei cando me dixeron:

«Imos ir á casa do Señor.»

Xa están os nosos pés

ás túas portas, Xerusalén. R.

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,
 conforme o costume de Israel,
 a festexa-lo nome do Señor.
 Alí están os tribunais de xustiza,
 os tribunais da casa de David. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Pasounos ó reino de seu Fillo benquerido

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses **1, 12-20**

Irmáns:

Deamoslle gracias a Deus Pai

que vos fixo merecentes de participar
 na herdade dos santos, na luz.

El librounos do dominio das tebras

para nos pasar ó Reino de seu Fillo benquerido,
 en quen alcanzámo-la redención polo seu sangue,
 o perdón dos pecados.

El é a imaxe do Deus invisible,

o primoxénito de toda criatura,
 pois nel foron creadas tódalas cousas,
 as do ceo e tamén as da terra,
 as visibles e as que non se ven:

maxestades, señoríos, principados e potestades.

Todo foi creado por el e para el,

el é anterior a todo
 e todo ten nel o alicerce.

El é tamén a cabeza do corpo:

a da Igrexa.

El é o principio, o primoxénito de entre os mortos,
 por ser el en todo o primeiro.

Porque nel quixo Deus que habitase a total plenitude,

e por el quixo reconcilia-lo universo consigo,
 o que hai na terra e o que hai no ceo,
 poñéndoos en paz, polo sangue da súa cruz.

Palabra do Señor.

ACLAMACIÓNS SUBSTITUTIVAS DO ALELUIA

Para o tempo de Coresma

1

Gloria e loanza a ti, Cristo.

2

Gloria a ti, Cristo, Sabedoría de Deus Pai.

3

Gloria a ti, Cristo, Palabra de Deus.

4

Gloria a ti, Señor, Fillo de Deus vivo.

5

Loanza e honor a ti, Señor Xesús.

6

Loanza a ti, Cristo, Rei da eterna gloria.

7

Grandes e maravillosas son as túas obras, Señor.

8

Saúde e gloria e poder ó Señor Xesús Cristo.

ALELUIAS

Para os domingos «per annum»

1

1 Sam 3, 9; Xn 6, 68c

Fala, Señor, que o teu servo escoita;
ti tes palabras de vida eterna.

2

Cf. Mt 11, 25

Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra,
porque lles revelaches ós humildes os misterios do reino.

3

Cf. Lc 19, 38; 2, 14

Bendito o que vén, rei, no nome do Señor,
paz no ceo e gloria nas alturas.

4

Xn 1, 14a. 12b

O Verbo fíxose carne, e habitou entre nós;
a cantos o recibiron
deulles poder de seren fillos de Deus.

5

Cf. Xn 6, 63c. 68c

As túas palabras, Señor, son espírito e vida;
ti tes palabras de vida eterna.

6

Xn 8, 12

Eu son a luz do mundo, di o Señor;
quen me segue terá a luz da vida.

7

Xn 10, 27

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor;
e eu coñézoas e elas séguenme.

8

Xn 14, 6

Eu son o camiño, a verdade e a vida, di o Señor;
ninguén chega onda o Pai máis ca por min.

9

Xn 14, 23

Se alguén me ama, gardará a miña palabra, di o Señor;
e meu Pai amarao e viremos onda el.

10

Xn 15, 15b

A vós trateivos de amigos, di o Señor,
pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.

11

Cf. Xn 17, 17b. a

A túa palabra, Señor, é verdade;
santifícanos na verdade.

12

Cf. Feit 16, 14b

Abre, Señor, o noso corazón,
para que comprendámo-las palabras do teu Fillo.

13

Cf. Ef 1, 17-18

O Pai do noso Señor Xesús Cristo
ilumine os ollos do noso corazón,
para que saibamos cal é a esperanza da nosa vocación.

Para os últimos domingos:

14

Mt 24, 42a e 44

Vixiade e estade preparados:
porque á hora que non pensades,
virá o Fillo do Home.

15

Lc 21, 36

Vixiade, orando permanentemente,
para que poidades estar en pé diante do Fillo do Home.

16

Ap 2, 10c

Se fiel ata a morte, di o Señor,
e dareiche a coroa de vida.

Mirar tamén o Lec. II, núm. 509.